



## AO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE AMES

**ALBERTE SOUTO SOUTO**, maior de idade, con documento de identidade 32.657.779-X, en calidade de Responsábel Local e Portavoz do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** en Ames, perante ese concello comparece e **DI**:

A crise económica que atravesamos está a ter graves consecuencias sociais no concello de Ames. Dun xeito particular, as asociacións e entidades de carácter social están a trasladar a súa preocupación pola grave situación que atravesan moitas familias que non poden acceder a unha vivenda digna, así como nin sequera en moitos casos manter a vivenda da que dispoñen por non ter recursos económicos suficientes para afrontar o pagamento do aluguer.

Esa carencia de recursos aboca en moitos casos á marxinación e exclusión social, soamente paliada polo traballo social e a axuda de emerxencia que prestan de xeito voluntario e denodado as entidades sociais que desenvolven a súa actividade no concello de Ames.

Perante esta situación, o concello de Ames non pode ficar impasíbel, non só por tratarse dunha administración pública que debe velar por asegurar dereitos sociais básicos, como é o de disfrutar dunha vivenda digna, senón porque ten competencias específicas atribuídas en materia de servizos sociais.

Alén de que o ordenamento xurídico é claro ao encomendar esas funcións ao concello, existen razóns éticas e políticas dabondo para impulsar unha intervención pública decidida cara axudar ás persoas máis desfavorecidas nesta situación de crise económica, fomentando accións que permitan manter o seu dereito a unha vivenda digna, ademais de pular pola súa completa integración social, evitando o desarraigamento e a exclusión.

O BLOQUE NACIONALISTA GALEGO de Ames, en razón do exposto, e facéndose eco das demandas de entidades sociais do concello, avoga para que desde o concello se impulse unha estratexia duradeira e sostida temporalmente co obxectivo claro de asegurar o acceso á vivenda de moitos e moitas veciñas de Ames que atravesan serias dificultades económicas, e tamén de paliar e mellorar decididamente as condicións de vida e as oportunidades de poder acometer unha integración social de todas aquelas persoas que carecen de medios económicos esenciais.


Por todo iso, desde o BLOQUE NACIONALISTA GALEGO de Ames, instamos ao Concello de Ames para que, a través do Pleno da Corporación Municipal adopte os acordos precisos para articular un programa con carácter de urxencia que promova garantir o acceso á vivenda digna das persoas con graves dificultades económicas así como a inserción laboral e social das mesmas, en base ao consenso e diálogo coas entidades sociais que desenvolven o seu labor en Ames e das entidades políticas representativas do concello.

Xa que logo, **SOLICITA**, que tendo por presentado este escrito e admitíndoo a trámite, se adopte Acordo por parte da Corporación Municipal polo que:

1. Se constitúa unha coordinadora integrada polas asociacións e entidades que traballan no ámbito social en Ames, así como polos partidos e forzas políticas representativas, co obxectivo de implantar un programa estábel de apoio ás persoas con graves dificultades económicas a fin de garantir o seu dereito a dispor dunha vivenda digna e a promover a súa integración plena na sociedade, especialmente no eido laboral.
2. Se proceda á creación dun organismo municipal de vivenda social en aluguer, xestionado polo concello, en colaboración coas entidades sociais que desenvolven o seu labor en Ames, que conte coa participación de empresas e entidades relacionadas co ámbito inmobiliario, a fin de que se poida resolver de xeito rápido e eficaz, desde instancias públicas, a demanda de vivenda digna por parte das persoas e familias con escasos recursos económicos.

En virtude do exposto, se convoque ao BLOQUE NACIONALISTA GALEGO de Ames para formar parte da coordinadora proposta no apartado 1 precedente.

Ames, 18 de xullo de 2012

A handwritten signature in blue ink, consisting of several loops and a long horizontal stroke at the end.